

## III Xornadas de Lingua

# A avaliación da produción e recepção oral no ensino secundario

Manuel Núñez Singala  
Universidade de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2010

«Os rapaces que falan habitualmente en galego sacan peores notas na materia de lingua galega que aqueles que falan castelán.»

1 Acordo ou desacordo con esta afirmación

2 Razóns que a explican

- Falta de tradición docente e de modelos teóricos.

- Dificultades vinculadas á autoridade e á indisciplina nas aulas.

- Problemas á hora de aplicar unha avaliación sistemática

# Que é a avaliación?

“A avaliación é unha recolla sistemática de información co propósito de tomar decisións”  
(Weiss, 1972)

“A avaliación é a emisión dun xuízo sobre un conxunto de datos con relación a uns valores de referencia”  
(Francesc Pedró, 2004)

“A avaliación é un tipo de valoración que consiste en recoller e analizar unha serie de datos para chegar a tomar unha decisión”  
(Teresa Bordón, 2006)

medida

xuízo de valor



1 ,2, 3, 4 ... insuficiente



5..... suficiente

6..... ben

7, 8..... notable

9,10..... sobresaliente

medida      xuízo de valor



1      moi pouco satisfactorio

2      pouco satisfactorio

3      aceptable


4      bastante satisfactorio

5      moi sastisfactorio

medida



xuízo de valor



1

2

3

4



non apto/a

apto/a

Laugier, H e Weinberg, D (1938) *Recherche sur la solidarité et l'interdépendance des aptitudes intellectuelles d'après les notes des examens écrits du baccalauréat*, Paris, Chatennay

• Matemáticas .....	13
• Física .....	16
• Francés .....	78
• Filosofía .....	128

Sinale a forma correcta:

- a) millor
- b) pior
- c) optimo
- d) pésimo

*Tirado do libro 1000 preguntas de galego tipo test*

“Un exame é un procedemento para recoller evidencia da capacitación lingüística xeral ou específica que ten un individuo a partir do seu desempeño en tarefas predeseñadas, co fin de predicir o uso da dita capacidade en contextos do mundo real”

T. MacNamara *Measuring second language performance*

Proba obrigatoria e non eliminatoria de galego: cuestionario de 10 preguntas, con respostas alternativas, mediante as que se evidencie o coñecemento por parte dos aspirantes da lingua galega. Máximo 15 minutos.


Oposicións do Servizo Galego de Saúde

natural


obxectivo

artificial

subxectivo



natural



obxectivo

## **Avaliación de aproveitamento**

Avalíanse os obxectivos específicos, a avaliación do que se ensinou. Relaciónase co traballo semanal, trimestral, co manual, co programa e está orientado ao curso; representa unha perspectiva interna.

## **Avaliación de dominio**

Avalíase o que alguén sabe ou é capaz de facer, en canto á aplicación no mundo real do que aprendeu; representa unha perspectiva externa.

## **Avaliación con referencia á norma**

A clasificación dos alumnos por grao ou calidade supón que a valoración e a posición de cada un se establece con respecto aos compañeiros. Pódese entender en relación á clase ou en relación demográfica ou ao grupo de alumnos que realizan a proba.

## **Avaliación con referencia a un criterio**

O alumno é avaliado en función da súa capacidade na materia da que se trate, sen ter en conta a capacidade dos seus compañeiros.

## **Avaliación continua**

É a avaliación que realiza o profesor, e tamén o alumno, das actuacións na clase, dos detalles e dos proxectos realizadas durante o curso. A cualificación final reflicte todo o curso ou semestre.

## **Avaliación nun momento concreto**

Consiste en dar cualificacións e tomar decisións sobre a base dun exame ou doutro tipo de avaliación, que ten lugar nun día concreto, xeralmente ao final do curso ou antes do seu comezo.

## **Avaliación formativa**

É un proceso continuo de recollida de información sobre o alcance da aprendizaxe, e tamén sobre os puntos fortes e débiles, que o profesor pode introducir na súa planificación do curso e na retroalimentación efectiva que lles dá aos alumnos.

## **Avaliación sumativa**

Resume o aproveitamento ao final do curso coa cualificación. Non é necesariamente unha avaliación de dominio lingüístico, de feito, grande parte desta avaliación é unha avaliación referida á norma, realizada nun momento concreto e de aproveitamento.

## **Avaliación directa**

É a que valora o que está facendo realmente o alumno que se somete a exame. Está limitada na práctica á expresión oral, á expresión escrita e á comprensión oral en interacción.

## **Avaliación indirecta**

Emprega unha proba, habitualmente en papel, que a miúdo avalía destrezas. A comprensión lectora só pode ser avaliada deste xeito, pedíndolles aos alumnos que evidencien a comprensión marcando cadros, completando frases, contestando preguntas...

## **Avaliación da actuación**

Require que o alumno proporcione unha mostra lingüística falada ou escrita por medio dunha proba directa.

## **Avaliación dos coñecementos**

Require que o alumno conteste preguntas que poden ser dunha serie de diferentes tipos de ítems para proporcionar evidencia sobre o alcance dos seus coñecementos e o seu grao de control lingüístico.

## **Avaliación subxectiva**

É unha valoración da calidade dunha determinada actuación.

## **Avaliación obxectiva**

O que normalmente se entende por isto é unha proba indirecta na que os ítems teñen só unha resposta correcta.

## **Avaliación global**

Consiste en realizar unha valoración sumaria. Neste caso, o examinador pondera distintos aspectos de forma intuitiva.

## **Avaliación analítica**

Consiste en examinar distintos aspectos de forma separada.

# *Avaliación oral, 4º ESO*

## Ficha para a preparación da proba

1 Toma as anotacións que consideres oportunas para realizar un resumo do seguinte vídeo.

2 Dispós de un minuto para preparar a túa exposición oral (de aproximadamente 3 minutos) sobre o seguinte tema:

*“A unión fai a forza”*

O seguinte guión pode servirche para organizar as túas ideas.

-Manifestar acordo/desacordo

-Argumentar a túa opinión

-Apoiarte en exemplos que coñeces (sociedade, política, economía...)

-Falar da túa experiencia persoal.

-Referir cambios que se produciron na túa vida

PODERÁS FACER USO DESTAS NOTAS PARA EXPÓR, PERO NON PARA LER

- a) Interacción informal
- b) Relato
- c) Discurso expositivo ou argumentativo
- d) Interacción formal

## Ficha para a preparación da proba

1 Toma as anotacións que consideres oportunas para realizar un resumo do seguinte vídeo.

2 Dispós de un minuto para preparar a túa exposición oral (de aproximadamente 3 minutos) sobre o seguinte tema:

*“Para conseguir resultados é necesario esforzarse”*

O seguinte guión pode servirche para organizar as túas ideas.

-Manifestar acordo/desacordo

-Argumentar a túa opinión

-Apoiarte en exemplos que coñeces (sociedade, política, economía...)

-Falar da túa experiencia persoal.

-Referir cambios que se produciron na túa vida

PODERÁS FACER USO DESTAS NOTAS PARA EXPÓR, PERO NON PARA LER

## Parámetros e indicadores para a avaliación das probas de produción oral

Desenvolv. temático	Adecuación	Cohesión, coherencia e fluidez	Fonética	Gramática	Léxico
------------------------	------------	--------------------------------------	----------	-----------	--------

## Desenvolv. temático

Nivel de resolución das tarefas:  
resumo, comentario e interacción.

Cantidade, pertinencia e relevancia  
da información, das ideas e das  
opinións.

# Adecuación

Registro: fórmulas de relación con interlocutor, tono del discurso, etc

## Cohesión, coherencia e fluidez

Organización e complexidade do discurso.

Recursos de cohesión propios do discurso oral: prosódicos, sintácticos e léxicos.

Fluidez e claridade na exposición nas ideas e nas interaccións.

## Fonética

Reproducción dos sons propios de cada lingua.

Diferenciación de pares vocálicos que implican cambios de significado.

# Gramática

Complexidade gramatical:  
estruturas oracionais, tempos  
verbais...

Cantidade e gravidade dos  
erros.

Léxico

Corrección.

Variedade e riqueza.

Precisión.

## **O efecto de fatiga**

As condicións de corrección inflúen no criterio do avaliador. Tendemos a ser máis equitativos pola mañá cedo sentados nunha mesa de traballo, que a última hora, lendo os exames nun autobús.

## **O efecto de contraste**

Un exame de calidade media parecerá malo se o corriximos despois dunha produción excelente. Pero se o precedente foi mediocre, seguramente puntuariamos a este moito mellor.

## **O efecto de favoritismo**

O favorito soe ser aquel que lle envía ao profesor unha imaxe gratificante del mesmo. Como vai levar mala nota...!

## **O efecto de orde**

En xeral tendemos a ser máis esixentes ao final dunha serie de exames (ou ao final dunha sesión de corrección ou avaliación) que ao comezo.

## **O efecto de estereotipo**

Unha vez que lle damos unha nota a un alumno, somos moi resistentes a cambiar de opinión. Olo coa idea inicial que nos facemos na proba oral do propio candidato antes de que empece a falar.

## **O efecto de contaminación**

Os exames contamánanse dos “expedientes” escolares. Un exame medio corrixido na crenza de que provén dun mal alumno será infravalorado. E ao contrario, se a procedencia se supón dun alumno brillante, será sobrevalorado.

## O efecto de halo

Sobre todo en probas orais. Un aspirante simpático, amistoso e positivo será mellor cualificado ca outro introvertido e que mostre pouca confianza en si mesmo. E no escrito un exame lexible e ben presentado, pero malo, fará mellor impresión ca un traballo bo, pero mal presentado.

## O efecto “choque”

O mesmo erro en tres frases e o alumno suspende (choque negativo). E só se trata dun único erro. Unha soa idea xenial nun só traballo e o alumno aproba (choque positivo).

## O efecto “gota de auga”

Corriximos un exame, que non é bo, con paciencia, tolerando a letra case ilexible, as faltas de ortografía, a puntuación caótica, pero de súpeto un *b* en lugar dun *v* fai que decidamos un non apto.

## A avaliación externa

Só se fala dela en voz baixa, pero existe. Algúns suspenden moito para facer ver que son rigorosos ou esixentes ou que saben moito... Outros non suspenden case, consonte a súa imaxe de bondadosos...



Manuel Núñez Singala

SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

[m.singala@usc.es](mailto:m.singala@usc.es)